

# Viaxar para aprender. Os novos e a súa formación: Lois Tobío

MARGA ROMERO LORENZO

I.E.S. Tui / Universidade da Coruña

## **Resumo**

Nesta contribución tentaremos reflexionar sobre a importancia das viaxes na vida e na formación intelectual de Lois Tobío antes de 1936, viaxes por Galiza na súa infancia ou cando mozo activo do Seminario de Estudos Galegos, a súa viaxe a Alemaña en 1929 como universitario e as primeiras viaxes como membro do corpo diplomático.

## **Palabras chave**

Lois Tobío, viaxe, Seminario de Estudos Galegos, Viveiro, Compostela, Alemaña.

En primeiro lugar, permítanme transmitir ás persoas organizadoras deste curso, nomeadamente a Carme Fernández Pérez-Sanjulián e a Luís Martínez-Risco Daviña, o meu agradecemento por ser convidada a participar nesta mesa redonda e para falar de Lois Tobío, amigo e persoa á que considero en moitos aspectos un mestre, cuxo labor aínda hoxe en día non está o suficientemente recoñecido. Con motivo do seu falecemento en Madrid o día 12 de marzo de 2003, Isaac Díaz Pardo declarou que Lois Tobío foi o personaxe máis importante da historia do século XX en Galiza despois de Castelao. Sobre a relevancia que as viaxes, antes de 1936, tiveron na formación de Lois Tobío é o tema sobre o que lles vou falar e ao que tentarei cinxirme.

Un dos legados de Lois Tobío é a escrita de *As Décadas de T. L.*, (1994), que máis que un libro de memorias, como el mesmo nos di no prólogo da obra, se trata dunha «autobiografía no senso que a estes termos dan Misch, Neumann e outros autores alemáns» (Tobío 1994: 5) un libro no que se nos ofrece unha información subxectiva e reflexiva, desde ao que, a xeito de brincadeira, no título se lle fai unha homenaxe a Tito Livio; unha autobiografía na que identificamos personaxe principal, autor e narrador, un ser vital e de papel que nos lega moito máis que a súa propia historia, como testemuña de excepción, transmítenos a historia do século XX que lle tocou vivir sempre «coa ilusión de estar axudando a restaurar a vella casa común» (Tobío 1994: 702), transmítenos unha parte da nosa memoria como pobo, obxectivo principal do libro que converte ao pobo galego en destinatario.

A súa lectura, que nunca me cansarei en recomendar, pode guiarnos nesta viaxe pola súa formación, nesas primeiras décadas de vida, para axustarnos ao programa, polas que vai pululando un «eu» adulto que rememora acontecementos vividos do tempo do neno, do adolescente e do mozo, xa que como el ben dixo:

A vida dun home leva en si varias vidas (e as correspondentes mortes) que o tempo vai facendo xurdir. Pero no caso do autor sucedeu que esas vidas tiveron, as máis delas, por escenarios países distintos e tamén foron distintas as tarefas e actividades que en cada unha houbo de cumprir; e se coma dixera o outro eu son eu e as miñas circunstancias, en realidade víriase a tratar de distintos eus unidos polo fío feble e falaz da memoria (Tobío 1994: 6).

Este ser múltiple, con todas as súas circunstancias, Lois Tobío (Viveiro, 13 de xuño de 1906 – Madrid, 12 de marzo de 2003) sentiuse ao longo da súa vida «un novo», e así o coñecín na súa derradeira década, non escrita, un home novo movido polo desexo de aprender «cos ollos dun novo», como adoitaba dicir. É Lois Tobío, antes de 1936:

fillo da Xeración Nós, discípulo leal de Otero Pedrayo e de Castelao; fundador do Seminario de Estudos Galegos, membro redactor do *I Anteproxecto do Estatuto para Galiza* e do consello executivo do Partido Galeguista, estudante avantaxado que ingresa no corpo diplomático, o mesmo que, andando o tempo, dará forma ao Consello de Galiza, o goberno galego no exilio. É Lois Tobío galego de nacemento e de esencia e alemán por elección.

Está o autor das *Décadas de T. L.*, segundo lle comentou o propio Rafael Dieste, detrás do personaxe de Nogueira de *A fiestra valdeira*, trasunto literario dos mozos do SEG, do propio viveirense investigador lexicográfico, como os seus compañeiros Filgueira Valverde, A. Magariños Negreira e X. Cordal Carús, responsábeis da publicación por entregas en 1926 no xornal *El Pueblo Gallego* do *Vocabulario popular castelán-galego*. É tamén o mozo Tobío, como os seus compañeiros do SEG, un Pauliños Fontenla ou, mellor, un Martiño Dumbria, «o millor estudante do seu curso» da novela *Devalar* de Otero Pedrayo publicada en 1935; é dicir, seguíndomos a estirpe oteriana, falamos do neto de Paio Soutelo e do fillo de Adrián Solovio, personaxes principais da terceira parte da novela *Os camiños da vida* e de *Arredor de si* respectivamente. Un destinado a ser galego con autoestima, sen ter que percorrer a viaxe da inadaptación á adaptación para a descuberta de Galiza. O noso viaxeiro nunca foi un inadaptado e realizou, como moi ben lle gustaba lembrar, o soño da Xeración Nós: chegar directamente a Europa sen pagar peaxe en Madrid.

Lois Tobío nacido en Viveiro é fillo Luís Tobío Campos, orixinario da Maía, que chega á cidade da mariña lucense en 1892 como mestre, e de Mélida Fernández González, da liñaxe fidalga dos Pardo Vaamonde. A lectura da primeira década da autobiografía do autor envólvenos nunha atmosfera de marabilla, entramos nun mundo onírico para evocarmos esa patria que é a infancia, mundo de aprendizaxe desde a mesma escola do pai, simpatizante do rexionalismo, tamén poeta e que no pedagóxico participaba das ideas do ensino renovador da Institución Libre de Enseñanza. Infancia abeirada entre Viveiro e as estancias no verán na Maía, entre a herdanza que lle chega da tradición vía materna dunha fidalguía decadente e a renovación paterna a través dun ensino de «ver e oír», veláí as orixes da súa personalidade, do seu espírito sempre anovado polo desexo inmorredoiro de aprender. É unha despedida, e a súa correspondente viaxe, a que pon o ramo a esta infancia medrada na casa de San Francisco que fica en Viveiro «con todos os misterios e marabillas que nela había», agora irá camiño dunha Compostela que vive na súa imaxinación polas historias que lle contaba o pai e as imaxes que lle mostraba. Sabemos pola *Crónica de la familia*

escrita polo seu pai, Tobío Campos<sup>1</sup>, que o neno xa estivera con tres anos en Compostela. Agora a partida non ofrece a alternativa do regreso á casa, do mundo mariño e vilego de Viveiro só se volverá gozar de novo nos veráns do mozo universitario. Con esta despedida de abandono da casa matriz remata unha década e coa viaxe inesquecível de Viveiro a Compostela comeza a formación do mozo, a segunda década, viaxe que resume deste xeito nas *Décadas de T. L.*:

A viaxe de Viveiro a Santiago fixémosla no automóbil da liña deica Baamonde onde tomamos o tren para Curtis e aquí outra volta o automóbil no que chegamos a Santiago, case todo o día sobre rodas. Eramos sete, meus pais e cinco cativos: a miña irmá Ofelia quedara a vivir cos tíos Aristegui e Matilde que non tiñan fillos. As dúas partes do camiño que fixemos en automóbil foron un tormento para a miña nai e para nós os pequenos porque nos mareamos. Aquel abaneo pola estrada de terra e morrillo, chea de fochancas, e, máis ca nada, o cheiro de gasolina puxéronnos á miseria e non parábase de golsar. En troques, o treito no que fumos no tren, que marchaba lene e coma esvarando, fora un alivio. O noso pai levaba un tollepó caqui que lle chegaba ata os pés e miña nai tamén un tollepó anque máis feituco e un chapaeu de ancha aba que sostíña cun longo echarpe de gasa añudado en baixo do bico. Levábase pouco bagaxe, dúas malas e dous cabases soamente porque os baús coa roupa e os libros, cadros, mobles e trebellos e demáis cousas da casa fan nunha zorra tirada por cabalos que se contratara cun señor Muriel que se adicaba a transportes (Tobío 1994: 77).

A viaxe real evocada desde a memoria do adulto simboliza esa fronteira espacial entre Compostela e Viveiro, esa fronteira temporal entre o neno e o adolescente, un tránsito que nos leva do mar e do mundo coñecido ao mundo só vivido na imaxinación, un novo espazo que como nas novelas de aventuras o heroe terá que domesticar, ao que se chega a través do «tormento» do automóbil e do «alivio» do tren, que xa na altura significaba progreso. Viveiro ficará para sempre como esa patria da infancia para darlle a razón ao seu ben querido Rilke. Será a partir de Compostela cando este neno se forme como adulto para morar e ser leal, en todas as circunstancias e en todos os seus eus, a outra patria: a da lingua.

Chega a familia a Compostela o día 26 de maio de 1916 como data o seu pai nas súas *Memorias* e na *Crónica da familia*, nas páxinas dedicadas ao seu primeiro fillo, Lois, indícanos que se examinou de ingreso no instituto de Santiago en setembro de 1916 e

<sup>1</sup> Lois Tobío Campos redactou *Memorias*, que comezou o día 4 de novembro de 1883 en Brión cando cumpriu 22 anos, e *Crónica de la familia*, que se inician co seu matrimonio en Viveiro o 5 de agosto de 1905. Os dous textos manuscritos poden consultarse na rede na páxina creada pola familia Tobío.

se matriculou de 1º de bacharelato o 28 de setembro dese ano. Se en Viveiro moraran nunha casa no convento de San Francisco agora ían ter a primeira vivenda na rúa de San Francisco. Abofé, que domestica as novas paisaxes que o rodean, recunchos como o Paseo da Ferradura, un dos máis fermosos que ten atopado, e outros que converte en verdadeiros «locus amoenus»:

Chamábase moito atención cando íamos polo camiño da Mahía, seica preto de Vidán, unha quinta que había alá no fondo, rodeada de árbores, cun gran xardín, á beira dun riacho no que se vía atracada unha barquiña: era todo tan calmo, tan verde, coma de conto, que daba xenio contemplala. Eu pensaba que a vida alí debía ser maravillosa. Outro lugar tamén fermoso, e no que, ademais podíase entrar, era o bosque da Condesea e a el irei moitas vegadas, máis adiante, nas tardes sereas da primavera, a estudar entre o rechouchío dos paxaros e o recendor fresco e balsámico dos piñeiros e eucaliptos (Tobío 1994: 95).

Entre Compostela e o verán da adolescencia na Maía descobre en toda a plenitude o mundo labrego que vai deixar nel grande pegada para conformar na súa memoria prodixiosa a imaxe de Galiza en que vai afondando e que prende nel con vizo novo.

Cómpre quizais no fío desta intervención esclarecer que a viaxe en relación co noso protagonista nos debe levar a pensar non só en viaxes longas, duradeiras, hai outras curtas que cobran un significado singular e que teñen que ver co rito, coa idea de andar como coñecemento, como as peregrinacións máis populares ou as dos homes de Nós, o suficientemente importantes na andaina do mozo xa universitario para que as sinalemos. Unha destas viaxes cunha fonda carga simbólica é a que ten lugar o día 12 de outubro de 1923, «peregrinación» a pé desde Compostela a Ortoño para instituír o Seminario de Estudos galegos, a escolla deste lugar hai que buscala na relación da familia Tobío de Brión coa familia paterna de Rosalía de Castro:

Nas conversas frecuentes que eu tiña daquela con Fermín Bouza faleille dos vencellos da familia do meu pai coa de Rosalía e cando soubo que aínda estaba viva unha parente nosa que chegara a vela na súa xuventude, a tía Minia, pedíume que lle preguntara dos seus recordos dela. Fíxeno así e de contado escribíno ao Fermín unha carta en que contaba o que ela me dixerá. Esa carta é do 20 de agosto de 1923 e, coma Rosalía vivira os seus primeiros anos na casa do Castro, da parroquia de Ortoño, ao coído de dúas irmás do pai, pensamos que coma xesto simbólico, poidera ser axeitado constituír oficialmente o Seminario nesta casa. E o 12 de outubro do mesmo ano saímos cara alá, a pé, desde Santiago, os rapaces fundadores e demos cabo ao noso propósito (Tobío 1994: 125).

Mágoa é que Lois Tobío non nos deixe máis datos desta viaxe de verdadeira iniciación en que se une a intención formativa co rito. Con esta marcha están poñéndose os alicerces para dotar ao pobo galego de lugares simbólicos relacionados coa súa identidade propia. Hoxe lembra este feito unha placa situada no lugar, que tamén é parada obrigada no roteiro rosaliano. Froito deste vencello de peregrinación no sentido de relixiosidade e de andar a terra, para coñecela, descubri-la e pertencerlle, son moitas das viaxes da Xeración Nós, que axudan a conformar ese sentido de espiritualidade galega. Castelao en 1924 camiñou acompañado entre outras persoas por García Barros, desde a Estrada ao Pico Sacro e volveu evocar este lugar desde o seu exilio no seu discurso *Alba de Gloria* no día de Galicia en 1948. En xullo de 1926 Otero Pedrayo, Vicente Risco, Antón Sánchez, Lois Feixoo e Xavier Pardo deciden realizar unha «pelerinaxe» seguindo o mapa de Fontán desde Ourense até Santiago, antecedente na intención espiritual da que realizarán algúns deles un ano máis tarde desde Ourense a San Andrés de Teixido, en Silleda únenselle F. Cuevillas e Alfonso V. Monjardín. No camiño será de novo o Pico Sacro parada obrigada e punto de encontro e diálogo cos mozos do SEG, así o lembra Tobío:

De cando en cando recibíamos a visita de membros ou amigos do Seminario doutras partes de Galicia. Eran frecuentes as dos de Ourense e Pontevedra e nesas ocasións falábamos da marcha, traballos, plans e perspectivas do centro e asemade de temas culturais e políticos que a todos interesaban. Lémbrome especialmente da vez que pasaran camiño do santo Andrés de Teixido, pé ante pé, varios do grupo de Ourense, Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, e máis outros e fumos recibilos ao cumio do Pico Sacro. Naquel monte, de tan fermoso nome e vello engado e misterio, estivemos a parolar un longo anaco namentres contemplábamos a paisaxe marabillosa todo arredor, sentados na terra ou nos penedos, en diálogo entre platónico e rebuldeiro que nunca haberei de esquecer (Tobío 1994: 130).

Como se pode comprobar Tobío, na súa evocación do episodio, trabúcase xa que o encontro non se produce por mor da peregrinación a San Andrés de Teixido, que non incluíu Compostela no camiño, ten lugar no derradeiro día dos catro que lles levou chegar desde Ourense a Compostela, a pé, para remataren o camiño e conseguiren a «Compostelá». Desta primeira viaxe, da que podemos ler a crónica en diferentes números do voceiro *A Nosa Terra* publicada por Xavier Pardo, quizais interese para valorarmos a importancia simbólica deste encontro entre as dúas xeracións detérmonos nalgún anaco da última publicada o 1 de abril de 1927:

Batía o sangue, que debía ferver nas tempas, nos pulsos, o corazón semellaba que chegaba ao pescozo... e roxos, conxestionados, escalamos o cumo do Pico, ao tempo

que os que alí estaban viñan ao nos encontro berrando «Terra a nosa». Foi un momento de fonda emoción que endexamais se nos esquecerá.

Cando xa pasado o primeiro momento e, ceibes dos morrais, tombados no chan no fondo da outa garganta do Pico repousábamnos da penosa xornada, fomos vendo aos amigos que de Sant-Yago a nos esperar. Alí estaban o Tobío, Martínez López, Requejo, Noya e algúns máis (Pardo 1927: 6).

Xunto a estas viaxes de facer camiño a pé para sentir o elan vital, o devir, que tanto van prender nestas xeracións, están outras máis próximas á investigación e ao coñecemento do medio, unhas verdadeiras saídas pedagóxicas, que os membros do SEG denominaron: «xeiras» e que os introducía na investigación desde diversos puntos de vista, para remataren nunha análise completa do terreo que pisaban e que obrigaba a múltiples tarefas compartidas, desde fotografar monumentos para teren testemuño do patrimonio cultural, até realizaren escavacións. Comezaron a celebrarse nos veráns, en 1926 por Monforte, continuaron en 1927 polo Carballiño e o Ribeiro, no 1928 pola bisbarra do Deza e no 1929 pola terra de Melide<sup>2</sup> en que participou Tobío, libre xa este verán do servizo militar que rematara no novembro pasado e que o tivera ocupado no verán anterior, aínda que unha licenza lle permitise pasalo en Viveiro. Nas varias conversas que mantiven co mestre viveirense nos últimos anos da súa vida, daquela Presidente do SEG, aniñaran nel a emoción e o entusiasmo ao lembrar esta xeira e tamén ao seu compañeiro de cuarto, Carballo Calero. A súa xenerosidade á hora de compartir os seus coñecementos e saber, ten orixe nestes tempos e nunca deixou de ser un home do SEG.

Cómpre sinalar como todas as viaxes se asemellan na intención a aquela que o estudante Paio Soutelo guiado polo seu tío Adrián Soutelo, o noso Werter, na novela oteriana *Os camiños da Vida*, descobre a rota espiritual daqueles «Mártires de Carral». A necesidade de andaren o mapa, de se situaren nel, de entraren en cada un dos nomes onde se agochan tesouros que é mester coñecer e salvar, tarefa dos membros do SEG, ten moito que ver no simbólico coa descuberta de Galiza de Adrián Solovio alumeando os topónimos no Mapa de Fontán guiado polo seu tío na agonía.

Lois Tobío dálle cabo, nas súas memorias, á súa segunda década, co verán que pasa na Guarda convidado polo seu amigo Xaquín Sobrino, despois de remataren xuntos a

<sup>2</sup> A editorial Nós (Compostela) publicou en 1933 o estudo polo SEG feito nesta zona co título de *Terra de Melide*. En 1978 hai unha segunda edición, cun limiar de Filgueira Valverde, en Edicións do Castro.

súa licenciatura en dereito e decidiren preparar oposicións a notarías ou rexistros. Viaxe de lecer máis tamén de aprendizaxe na que o eu do mozo do SEG tamén participa, como o faría nunha pequena viaxe anterior, na que cómpre que nos deteñamos, que tamén ten lugar nun verán aínda que o biógrafo non nos dá a data precisa de cando Filgueira Valverde o convidou a pasar uns días con el «na súa casa de Pontevedra, Muelle 10», unha estancia de proveito que posibilitou coñecer ao seu admirado Casto Sampedro, folclorista e investigador, con quen visitaron ás sobriñas do contraalmirante, Casto Méndez Núñez. É interesante neste tempo de estancia por Pontevedra, como estes mozos do SEG aproveitaban nos seus desprazamentos para tomaren o pulso da modernización, aínda que lenta, como analizaban o estado de saúde da lingua e todas as potencialidades do país, sen renunciaren á aprendizaxe dos máis vellos; isto será unha constante na vida do viveirense, que tamén quererá aprender da xente nova en chegando o momento. Nas liñas nas que fai referencia Tobío nas *Décadas*, ao encontro que tiveron con Portela Valladares, que «xa daquela axudaba economicamente ao Seminario» e «que andaba empeñado en facer de *El Pueblo Gallego* o primeiro xornal de Galicia» (Tobío 1994: 179), amais da evocación que realiza do que sería director do xornal vigués en 1927, comentan con el a visita realizada á fábrica de conservas dos Massó en Bueu, que é interesante recordarmos:

Aquela visita, por certo, fora para min unha revelación pola súa organización e métodos de traballo, todo racionalizado e pulcro, e tamén polo feito, que moito nos apraceu, de que todos os letrados, e eso que eran tempos de dictadura, estaban en galego, tanto os que indicaban as distintas seccións e dependencias como os que daban instrucións ou facían advertencias ao persoal: «Non cuspades no chan», lémbrome que rezaba un deles. Ao felicitar por elo ao directivo que nos acompañaba na visita, contestou que tiña o maior empeño en respetar a fala familiar e cotián (Tobío 1994: 180).

A cidade de Pontevedra ficou coma protagonista dun lenzo na memoria do biógrafo e non caeu no esquecemento o paseo que deu en barca polos «salóns» do Lérez.

Aquel verán de 1926 e a súa permanencia na Guarda, tamén terá acubillo no seu corazón, vila á que non volvería até 1985, no cincuenta cabodano do seu amigo o poeta, Feliciano Rolán, compañeiro da Irmandade dos Úbedas formada polos membros da promoción da Universidade de Santiago de Compostela e que continuará reuníndose, de cando en cando, para conmemorar esa unión, á que o poeta, sen razón aparente, lle puxo ese nome.

Moito aprendería Lois Tobío nesta primeira estadía na Guarda, nas romarías e diferentes excursións pola contorna, na paisaxe e na súa luz, na fala. Descubriu unha



emigración a Porto Rico que descoñecía e que deixou fermosas pegadas na paisaxe urbana coas casas indianas, moitas delas, como a impresionante «Villa Borinquen», á que fai referencia o biógrafo, aínda seguen en pé, outras desapareceron vítimas do abandono e da especulación. Este elemento portorriqueño, tan característico guardés, tamén se deixaba ver «nas comidas crioulas, o acento da fala» (Tobío 1994: 186) e chamaba a atención a un mozo coñecedor da emigración a Cuba ou a Arxentina, á que acudían as xentes de Viveiro. Cando a lectora ou lector se atope coas páxinas da novela da autoría de Lois Tobío, de publicación póstuma, *A vida nova*, verá como o protagonista, Antón, se atopa na pensión de Vigo, co seu compañeiro de cuarto, Xurxo Lomba, de preto do Rosal, «acaron da Guarda», «mesmo fronteiro do Portugal, río Miño por medio» (Tobío 2006: 139), como xuntos no mesmo barco, Cabo Punteiro, iniciarán a travesía á emigración, mentres Antón, da «Beiramar do Cantábrico», se dirixa a Cuba, o do Baixo Miño, vaino facer a Porto Rico, reclamado por un tío que non ten fillos e que é dono da mellor zapataría de San Xosé.

A visita ao monte de Santa Tegra, onde puido oír a ladaíña da Santa<sup>3</sup>, a invitación a unha «esfolhada» na outra banda do río en Seixas, onde veu bailar e cantar por vez primeira o vira, que aprendeu coa súa memoria prodixiosa, ademais doutras cantigas portuguesas deixaron unha grande pegada na súa formación, estes días descubríronlle a estreita relación entre a lingua galega e a portuguesa, nadas nun mesmo berce:

Aínda fumos outra vez a Portugal, A Valença do Minho, frente de Tui. Eu sentíame en Portugal coma na miña casa, pero nunha casa enriquecida en que as cousas dadoito estaban como enlevadas, dignificadas, a comezar pola fala. Vía como a miña pobre fala, desdeñada, esquecida pola nosa burguesía e o señorío, botada do mundo oficial e do ensino, tiña aí status senlleiro e total con todos os beneficios e vantaxes que lle cumpren. E, xa que logo, sentía vergonza, envexa e mágoa polo que na miña terra pasara. Pero dábame certo consolo saber que, gracias a Portugal, nel e noutras nacións espalladas polo mundo se tiña salvado a antiga e nobre lingua dos meus (Tobío 1994: 194).

A preocupación pola lingua, pola súa normalización, polo seu estudo, é unha constante na vida de Lois Tobío, en todas as viaxes de longa ou curta duración, en todas as súas estancias fóra do seu domicilio habitual, a lingua, que asegurou e que fixo súa, até convertela, no sentido do seu admirado Thomas Mann, na súa verdadeira patria. Foi sen dúbida, nesta segunda década onde adquiriu a lingua este significado. A súa

<sup>3</sup> Sobre esta ladaíña publicaría Lois Tobío un artigo que podemos consultar en *Nós* 93 (15/IX/1931), 170.

preocupación levaríao a deterse na súa fonética, no seu léxico e mesmo a explicarnos: «Por qué debemos falar galego»<sup>4</sup>. Unha segunda década que o biógrafo remata coa evocación desta viaxe na que consegue envolvernos na «atmósfera de tépeda sensualidade que subía do río, que baixaba do Tegra, que se ancoraba nas hortas e nos xardíns florecidos, brandidos, das casas, que reverquía no camiñar xentil das rapazas que vía pasar. E o mar, un mar directo...» (Tobío 1994: 186).

Con toda esta bagaxe e sólida formación intelectual que lle forneceron a licenciatura de dereito, o seus coñecementos lingüísticos doutros idiomas, en concreto do alemán, e as viaxes arredor de si e do máis próximo, o axudante de cátedra de dereito administrativo na universidade de Compostela e futuro diplomático xa tiña a valixa disposta para un novo desprazamento, que lle permitiría gozar dunha pequena pensión para ampliar estudos nos estranxeiro; aconsellado polos catedráticos novos, García Labella e Recasens solicitou unha estancia na Universidade de Berlín, que contaba entre o profesorado con figuras fundamentais na teoría do estado e ciencia política. A estancia en Berlín e o alí aprendido vai moito máis alá dos estudos de dereito e precisaría dunha parada máis ampla do que nos permite esta pequena intervención, xa que Alemaña, xa que logo a súa lingua, vai converterse na súa segunda patria, unha patria por elección, malia só vivir alí uns meses: desde a súa chegada a Hamburgo o 19 de novembro de 1929 até o seu regreso para o curso 1930-1931 no que vai ser, gañada a praza por oposición, profesor auxiliar de Dereito Romano e Historia do Dereito na Universidade de Compostela.

Das miñas conversas co tradutor ao galego do *Fausto* de Goethe, *Os sonetos a orfeu* e *As elexías de Duíno* de Rilke e a *Nai coraxe e os seus fillos* de Brecht, na última década da súa vida, continuaba Lois Tobío moi atento a todo o que acontecía en Alemaña, seguira, como bo diplomático e coñecedor da política internacional, todo o ocorrido desde a caída do muro de Berlín e detíñase nas liñas administrativas do novo mapa de Europa, que tantas veces viu mudar. Emocionábase co feito de que a lingua galega se estudase fóra das fronteiras e que formase parte dos programas de estudo da «romanística alemá», sen decatarse quizais, do labor por el desenvolvido neste diálogo universitario entre Galiza e Alemaña. Falaba da Alemaña que el coñeceu moito máis libremente e desde o «eu», dun home maduro, que sabe valorar o que unha cidade como Berlín ofrecía en todos os aspectos a un mozo que chegaba desde Compostela, moito máis libremente, insisto, que o autor das *Décadas*, pendente, máis do que se pensa, dos lectores e das lectoras. Era moito o que aprendía cada día, unha

<sup>4</sup> Título do artigo publicado no suplemento do día de Galicia de *Nós* (25/VII/1933), 1-8.

palabra nova abría novos mundos e eses novos mundos ían agrandando os seus coñecementos. Varías veces me falou dunha novela escrita con fondo berlinés, dalgún poema, tamén das anotacións que realizaba, a xeito de diario, en alemán, como un exercicio lingüístico, no que anotaba desde palabras novas até cancións. Destes escritos en Berlín, semella non ficar nada, quizais perdidos entre viaxes nas voltas do camiño, unha magoa, xa que serían unha fonte directa daquel tempo, sen sufriren os acontecementos nin as vivencias a propia censura do narrador e a lóxica actualización de quen escribe e rememora un pasado, moitos anos máis tarde. Nesas notas e escritos estaba o mozo Lois Tobío, non o home que nos deixa a súa vida en función dos acontecementos importantes para o pobo galego, lembremos, principal destinatario.

Cando lemos as páxinas dedicadas a Alemaña na autobiografía de Tobío, entendemos que, mesmo desde unha perspectiva actual, chame a atención a necesidade de integrarse no novo mundo ao que acababa de chegar, que dalgún xeito contrasta coa obxectividade á hora de falar daquel tempo e espazo que estaba descubriendo, fuxindo da superficialidade que sempre conteñen as imaxes estereotipadas. Hai en Tobío un diálogo co lector, ao que lle vai explicando de primeira man todo o proceso que o leva a concluír nunha idea ou opinión, vai nel sempre a capacidade para comprender, antes de xulgar. A este respecto, desde a visión máis actual dunha estudante alemá, Nathalie Grischkat, no libro de homenaxes dedicado a Lois Tobío maniféstalle o seguinte:

Cando coñecín a súa obra, estaba redactando o meu traballo de fin de carreira para o que andei procurando referencias sobre Alemaña en obras de diferentes intelectuais galegos de principios do século XX. Lin *Alemania* de Julio Camba, o *Diario de 1921* de Castelao, *Mitteleuropa* de Vicente Risco e finalmente a súa autobiografía para analizar como cada autor fala das súas experiencias e impresións deste país no centro de Europa. Comparando esas catro obras, dinme conta dunha cousa que me chamou extraordinariamente a atención: cando Vostede fala do seu tempo na capital alemana, evita realizar xeralizacións e xogos, empregando estereotipos como fixeron por exemplo Camba ou Risco nas súas obras. Ó contrario Vostede procura transmitir ós seus lectores unha imaxe moi persoal, pero ao mesmo tempo a máis obxectiva posible, é dicir deténdose nos aspectos positivos e máis nos negativos. Ese intento de obxectividade alegroume moito, porque o emprego de xeralizacións, a creación de estereotipos sempre inflúe dalgunha maneira –moitas veces desfavorablemente– sobre a imaxe dun país e por conseguinte inflúe nas relacións entre os pobos (Grischkat 2001: 97).

Entremos xa na viaxe e nesa pequena estancia en Alemaña que lle vai mudar os horizontes do mundo. Hospédase en Vigo, «nun modesto hotel de emigrantes», parte da

cidade no «Cap Arcona», barco que andado o tempo, terá un trágico final, fundido o 3 de maio de 1945 en Lübeck con 4.500 prisioneiros dos campos de concentración de Neuengamme e de Stutthof. Xa no inicio da travesía fai amizade con dous alemáns que «debían ser artistas de circo», que ían coma el en terceira clase. Xa en Alemaña, no porto de Cuxhaven, un dos alemáns proponlle a Tobío que poña o seu mellor traxe para, burlando a vixilancia mudaren para primeira clase, onde descobre «un luxo extraordinario» e é testemuña das «desigualdades que hai no vivir dos homes, coma un microplaneta» (Tobío 1994: 213).

Na súa novela *A nova vida*, o protagonista Antón, decide emigrar, o que vai simbolizar a súa liberación persoal, nesa viaxe que realiza desde a súa vila, trasunto literario de Viveiro, hai moito da experiencia vivida por Lois Tobío, como moi ben ten sinalado Carlos Nuevo, no estudo introdutorio da novela, «*A nova vida e Viveiro*»: A viaxe de Antón, desde Viveiro a Compostela, a súa hospedaxe en Compostela na mesma rúa na que viviu a familia Tobío Fernández cando se instalou por vez primeira na cidade, a chegada a Vigo e a estancia no hotel de emigrantes. Moito hai do ambiente no barco no que vai Antón cara a Habana, do que evoca Lois Tobío nas súas *Décadas*: tamén se atopa con dous alemáns, un, Hans Schmitt, que falaba portugués por estar uns anos no Brasil, e outro, Peter König, que «fora artista de circo», tamén no barco van burlar a vixilancia e pasar de terceira a primeira, despois de poñeren o seu mellor traxe, e en primeira vai constatar, o Peter, a diferenza entre o luxo e a miseria de terceira.

Despois de Cuxhaven, chega a Hamburgo, dálle tempo até a saída do tren para o seu destino de dar voltas polas rúas da «ilustre cidade hanseática». Chega ao frío de Berlín polo serán cun «gabán deses de trabela por detrás, que entón estaban de moda». Instálase no barrio de Charlottenburg na rúa Waitzstrasse, nun cuarto alugado a unha viúva, Frau Tornegg, na mesma casa onde vivía Felipe Fernández Armesto. Descoñecemos o número da casa, a rúa aínda existe hoxe co mesmo nome e con algún que outro edificio conservado entre os que deberon ser restaurados. Con Armesto e tamén con Francisco Ayala, comezou Tobío a dar os primeiros pasos por unha cidade moderna, dinámica e vangardista. A mesma cidade protagonista no ano 1927 do fermoso filme *Berlin: Die Sinfonie der Grosstadt* ('Berlín: Sinfonía dunha gran cidade'); á mesma cidade á que chegou en 1930 Christopher Isherwood, autor da novela *Adeus Berlín* (1939). A esta cidade frenética chega o mozo Tobío con moitas ganas de aprender e de mergullarse nesa atmosfera de novidade que consegue sobre todo polo seu bo dominio do alemán. Debemos resumir esta estancia en Berlín e sintetizarmos esta aprendizaxe. Por unha banda, esta a vida académica na Friedirch-Wilhelms-Universität, o elemental das explicacións nas aulas de dereito administrativo desgústao, non así o coñecemento que fai do seu sempre admirado profesor Hermann Heller, de quen

traducirá Tobío xa no exilio o seu *Staatslehre*, tradución aínda hoxe en vigor e manual de estudo obrigado no eido do dereito. Critica con moito sentido do humor a investigación alemá, que tras moitos anos de traballo non pasa da introdución «Einführung», palabra moi empregada nos títulos dos estudos académicos de todo tipo. Proba da súa integración na vida universitaria é a súa pertenza á unha «Bursenschaft», unha irmandade de estudantes, a «Kurmark Brandenburg» de carácter liberal e democrático, que procuraban a axuda entre os seus membros e que lle propiciou o coñecemento de moitos aspectos da vida cotiá alemá e universitaria e a aprendizaxe de moitas cancións populares que nunca máis esqueceu. Lembremos que tamén en Compostela na universidade formaba parte da irmandade dos Úbedas, que compartiría en semellanza coas irmandades alemás o feito de reunírense os seus membros con moitos rituais de cando en cando. Dentro deste mundo académico debemos sinalar que a estancia de Lois Tobío na Universidade de Berlín consolidou as relacións do Seminario de Estudos Galegos co «Romanisches Seminar»co que colaboraba desde o lectorado de español Armesto que foi quen lle presentou ao profesor Ernst Gamillscheg, director do Seminario, que virá tamén a Compostela nalgunha ocasión para dar conferencias na universidade. O mozo do SEG daría en Berlín unha conferencia co título de «El momento actual de la cultura gallega» e recitaría o poema de Pondal «A campá de Anllóns». Nesta universidade vai coñecer Tobío a Margot Sponer, filóloga, a quen se lle deben uns dos primeiros e atinados estudos sobre o galego e tamén sobre o catalán. Nunca soubo Lois Tobío que o nome desta filóloga, «moi churrusqueira e graciosa e moi seria e competente no seu labor» (Tobío 1994: 231), figura na listaxe honorábel de científicas que se opuxeron ao nazismo e que deberon de pagar coa súa vida. O que si intentou saber, cando se atopaba na redacción das *Décadas*, da sorte que perseguiu ao filólogo Gamillscheg, a quen vai encontrar de novo en Berlín en 1933 en viaxe de estudos da carreira, cando xa estea Hitler no poder, na recepción que se lle ofrece á delegación española á que el vai asistir como romanista, circunstancia que o «vello amigo» aproveita para mostrar o seu descontento cunha universidade que se convertera nunha oficina de propaganda nazi. Preocupouse Tobío pola historia da política universitaria dos nazis<sup>5</sup> e continuou atento a todo o que atopaba sobre o tema e en efecto, este profesor romanista en 1946, de volta en Alemaña era catedrático na Universidade de Tübingen, mais no período entre 1940 e 1945 tivo un bo destino como

<sup>5</sup> «Nun libro recente (*Deutsche und österreichische Romanisten als Verfolgte des Nationalsozialismus*, por H. H. Christmann e outros, Tübingen, 1989) faise unha historia da política universitaria dos nazis que levou á separación da cátedra dun terzo dos profesores, deles sesenta e cinco romanistas que foron perseguidos e tiveron que exiliarse os máis: de seguro que entre eles figura Gamillscheg anque seica, rematada a guerra, reapareceu ao fronte do Departamento de linguas Románicas da universidade da mesma cidade en que se editou o libro devandito» (Tobío 1994: 234).

director do Deutschen Kulturinstitutes en Bucarest, mentres Romanía foi aliada da Alemaña nazi até case o remate da guerra. Outro do romanistas que vai coñecer Tobío vai ser Gunter Reinchenkron<sup>6</sup> que tamén visitará Compostela en 1931 como axudante e discípulo de Gamillscheg, é que tampouco vai ser un opositor político o que lle permitirá ser profesor na «Reichsuniversität Posen» creada polo nazismo e desempeñar cargos de confianza en diferentes institutos científicos alemáns en Bucarest, Odesa ou Tirana. Como dato curioso desde 1948 até a súa morte, este romanista e especialista na situación lingüística dos Balcáns, vai ser director do Instituto de Romanística da FU Berlin (Die Freie Universität Berlin).

Entre o Romanisches Seminar, a Preussische Staatsbibliothek, o restaurante da biblioteca ou a «Mensa académica» transcorrían as horas do estudante, cliente tamén do mítico Romanisches Café, frecuentado por representantes da vida artística do Berlín daquela, desde Grosz, Otto Dix, Brecht, Arthur Schnitzler, «de quen aparecera aqueles días a novela *Fräulein Else*» ou Alfred Döblin, autor de *Berlin Alexanderplatz*, tamén publicada o ano no que Tobío chega a Alemaña e que tamén como a anterior vai ler. Outro lugar ao que fai referencia situado no Kurfürstendamm, é a Konditorei Wien, de moda como o anterior café e imaxe de múltiples postais da época, onde se reunía os sábados, lugar de encontro da intelectualidade de fala española. Cando ía bo tempo acudía á praia berlinesa, o Wannsee, que tanto escandalizara a Vicente Risco pola liberdade na exposición ao sol dos corpos, sobre todo os femininos. A Tobío a visión destes corpos, femininos e masculinos, permítelle comentar que «daba a impresión de que os sexos estaban menos diferenciados ca en España» (Tobío 1994: 218).

Comprende Tobío a calidade de vida alemá, a «Gemütlichkeit», tamén a «Sehnsucht», a nosa saudade. Explica a tensión dialéctica entre o sentimentalismo romántico e a fe cega na racionalidade, a dificultade entre as xentes que tratou para a crítica e o humor e a súa tendencia a velo todo en «branco e negro». Unha das aprendizaxes nas que afonda o mozo é na «ars erótica», «a arte que corresponde ao sentido do tacto», a través das «coñecencias femininas libres» e aquí si que descubriu un mundo novo que nada tiña que ver coas súas experiencias anteriores. Mergúllase na cidade e participa dos espectáculos ofrecidos pola vangarda teatral, vive o éxito de *Die Dreigroschenoper* de Brecht e Kurt Weill que se representaba desde outubro de 1928 no Theater am Schiffbauerdamm, coñece a protesta social de Piscator ou de Max Reinhardt; goza da revolución do cinema coas creacións de Eisennstein e fica prendido para sempre de

<sup>6</sup> Nas *Décadas de T. L.* o seu nome aparece erroneamente como «Reichenkrone».

Marlene Dietrich desde que a descobre en *Der blaue Engel*. Coñece a vertixe da noite e entra nos cabarés de moda como «El dorado», para público homosexual. Comprende o luteranismo e a súa influencia na sociedade, sabe e participa da situación política do país, acude con Armesto a un mitin do Partido Comunista no que falaba Ernst Thaelmann, que capturado pola Gestapo, sería fusilado, despois de 11 anos de confinamento, o 18 de agosto de 1944 en Buchenwald.

Namórase de Elisabeth, unha moza axudante de laboratorio nunha clínica que trataba a tuberculose en Sommerfeld, coa que ten unha relación feliz que vai continuar de maneira epistolar despois do seu regreso a Compostela e coa que se volverá encontrar, cos nazis no poder, cando unha viaxe de formación diplomática por varios países europeos o leve a Berlín. Vai descubrir que esta moza, como moitos alemáns democratas, non vía con malos ollos a Hitler no poder, por depositaren nel as esperanzas de recompor a «nación tronzada». Na volta do ano 1935 ao 1936, van pasar xuntos uns días en Múnic, nas páxinas que dedica o narrador na autobiografía a este encontro coa Alemaña baixo a bota do nazismo, trata de comprender como o pobo alemán razoador e culto cae baixo o «impeitizo» do novo movemento, baixo a histeria e a neurose do Führer, unha desas persoas é Elisabeth, coa que despois deste encontro vai seguir escribíndose até que a guerra de España interrompa a comunicación.

Mais a permanencia en Berlín cos seus meses e cos seus correspondentes refráns, coas estacións e as súas cancións que Tobío ía aprendendo, transcorría, mentres se fortalecían os alicerces dunha nova patria, a lingua alemá, que levará na valixa do exilio, á beira da súa primeira lingua, da súa primeira patria, o galego. Regresa dese ano en Berlín, «máis europeo e máis galego», despois dunha viaxe en tren, «un verdadeiro calvario», na compañía de Armesto, e garda unha sensación que é bo lembrar:

Chegamos a Santiago nun anoitecer, ben escangallados e mortos de sono, para eu recomenzar a vida de decotío despois daquel conto de fadas ou viaxe a outro planeta que fora a miña estancia en Berlín. Dera o salto de Galicia a Europa sen pasar polos madriles nin coñecer ningún outro lugar de España (Tobío 1994: 252).

En Compostela vai ocupar unha vacante de auxiliar na facultade no eido de Dereito Romano e Historia do Dereito, xa na República, impartirá aos seus alumnos en galego un curso de Dereito Galego e porase a traballar polo galeguismo e na redacción do Anteproxecto do Estatuto e no curso 1931-1932 estará realizando os cursos de doutoramento nun Madrid entusiasmado e esperanzado coa República que lle permite contactar co ambiente da Universidade de Estudiantes, participar nos parladoiros que en diferentes cafés mantiñan Valle-Inclán ou Gómez de la Serna, a quen coñecera en Berlín. Mais sobre todo Madrid propicia o contacto cos parlamentarios galeguistas:

Castelao, Otero Pedrayo e Antón Villar Ponte. Nesta época prodúcese a fundación do Partido Galeguista e Tobío, xa de regreso, será membro do seu consello executivo.

O viveirense decide iniciar a carreira de diplomático despois dunha formación máis teórica, o alcumado polos seus compañeiros de promoción como «o Europeo», debe iniciar unhas viaxes de formación en 1933, que o levan por varias zonas do estado: (La Mancha, Andalucía, Levante) en que vai atopar unha paisaxe máis diferente cá Alemá. Debido a súa experiencia en Alemaña, Tobío, vaise sentir como un clandestino europeísta. Despois dunha estancia en Xenebra, onde se vai relacionar con Salvador da Madariaga na Escola de Altos Estudos Internacionais da Sociedade das Nacións, estas xeiras de formación deben continuar polo estranxeiro. Segue un itinerario por Europa que lle permite admirar Praga e ao pobo checo, capaz de facer erguer o seu idioma, asoballado polo alemán, comprobar en Polonia a «chafallada» que fora o trazado de fronteiras, polo famoso corredor de Danzig. Detense na melancolía de Varsovia, na impresión que lle deixou o *ghetto* en Cracovia e no esmorecemento de Danzig, desde onde se trasladan en barco a Stettin e logo a Berlín. Anos máis tardes moitas destas cidades coñecidas nesta época serán evocadas nas colaboracións no xornal uruguaio *El día*.

O 26 de decembro de 1933, despois dunha viaxe desde Xenebra no Simplon Orient Express, chega Lois Tobío co cargo de Secretario da Embaixada Española en Bulgaria a Sofía, «unha cidade pequena e graciosa, moi limpa e ben soleirada», neste cargo xa cun destino definido vai aprender o diplomático unha nova lingua e, unha vez máis, volverá integrarse na cultura e no mundo búlgaro, coñecerá as súas normas e maneiras de actuar, tamén volverá falar da «ars erotica» e das relacións máis estreitas que mantivo. Desde aquí camiña o vacilante mapa europeo, afonda nas súas singularidades e problemáticas lingüísticas e administrativas, como a de Macedonia. Percorre outros países como Austria, Romanía, Turquía, Grecia. Descubre a fascinante multiculturalidade dos Balcáns que sempre o fascinará.

En 1937, el que se mantivera leal o goberno republicano, recibe a orde de abandonar Bulgaria e cun novo destino con Cónsul no Uruguai, país ao que desta vez non vai e que daquela nada presaxiaba como un lugar de residencia e de exilio, onde haberían de nacer os seus fillos. Mais todo isto xa forma parte dunha historia que muda despois de 1936, unha historia que embaza os horizontes e o seu futuro, que o ha levar pola fronte do Ebro até o exilio. Un exilio desde o que vai emprender outras viaxes coa certeza de que a patria é a lingua.



### Referencias bibliográficas

Grischkat, N. (2001): «Textos con Alemaña ao fondo» en *Cadernos do Seminario de Sargadelos, Homenaxes a Lois Tobío*: 93-102 (Sada: Edicións do Castro).

Nuevo, C. (2006): «A Nova Vida e Viveiro» en Tobío Fernández, L., *A Nova vida*: 43-55 (Sada: Edicións do Castro).

Pardo, X. (1927): «No camiño de Sant-Yago. (Conclusión)», *A Nosa Terra* 235 (1/IV/1927), 6-7.

Tobío Campos, L. (1883): *Memorias*. Disponível en [http://www.telefonica.net/web2/famtobio/\\_sgg/m6m1s2\\_1.htm](http://www.telefonica.net/web2/famtobio/_sgg/m6m1s2_1.htm)

Tobío Campos, L. (1905): *Crónica de la familia*. Disponível en [http://www.telefonica.net/web2/famtobio/\\_sgg/m6m1s2\\_1.htm](http://www.telefonica.net/web2/famtobio/_sgg/m6m1s2_1.htm)

Tobío Fernández, L. (1994): *As Décadas de T. L.* (Sada: Edicións do Castro).

Tobío Fernández, L. (2006): *A Nova vida*; edición de X. R. Fandiño Veiga (Sada: Edicións do Castro).